



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903
Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Asunto: Nomeamento de 1 peón para o servizo de Xestión de biomasa e limpeza de montes no Concello de Laxe (Aprol Rural 2020)

Núm. Admvo. Expte.: 2020/E001/000004

Expte. Decreto Núm.: 2020/G003/000375

A xefatura territorial da Consellería de Economía, Emprego e Industria comunicou a este concello, con data do 12/06/2020, a concesión dunha subvención para a contratación, baixo a modalidade de contrato de traballo temporal coas cláusulas específicas de traballos de interese social, a tempo completo por un período de 9 meses de 1 persoa, para a ocupación de peón, co obxecto: Xestión de biomasa e limpeza de montes no Concello de Laxe.

Por resolución de Alcaldía núm. 321/2020, de data do 23/06/2020 aprobáronse as bases para a contratación laboral temporal de 1 peón forestal para o servizo de Xestión de biomasa e limpeza de montes no Concello de Laxe, subvencionado pola Orde do 20/12/2019 da Consellería de Economía, Emprego e Industria pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego no medio rural (Aprol rural) e se procede a súa convocatoria para o exercicio 2020.

Posteriormente, tramitouse a oferta para este posto de traballo na oficina do servizo público de emprego de Carballo; remitindo esta oficina a relación de candidatos preseleccionados para dito posto (oferta núm. 12-2020-5042).

Por medio da Resolución de Alcaldía núm. 341/2020, de 01/07/2020, aprobouse a lista de admitidos e excluídos á mencionada convocatoria.

Vista a acta de selección do tribunal reunido o día 02/07/2020 que avaliou os méritos que acreditaron as persoas aspirantes presentadas a este posto, na que propón ao sr. Alcalde designar a David Vilariño Mouzo como peón para o servizo de Xestión de biomasa e limpeza de montes no Concello de Laxe.

Unha vez comprobada a documentación presentada polo aspirante David Vilariño Mouzo establecida na base duodécima das bases de selección.

Esta Alcaldía, en virtude do disposto no art. 21.1 h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora da Lei de Bases de Réxime Local,

RESOLVO:

Primeiro: Nomear a David Vilariño Mouzo como persoal laboral temporal para que realicen as tarefas de peón no servizo de Xestión de biomasa e limpeza de montes no Concello de Laxe, a xornada completa e baixo a modalidade de contrato de traballo temporal coas cláusulas específicas de traballos de interese social. O contrato terá unha duración de 9 meses, dende o 06/07/2020 ata o 05/04/2021, ámbolos dous incluídos.

Segundo: De acordo coa base 10.5 das bases de selección esta resolución publicarase no Taboleiro de anuncios da Casa do Concello e na páxina web do concello (www.concellodelaxe.com) e substituirá ás notificacións individuais aos/as interesados/as, conforme ao disposto no art. 45 da Lei 39/2015.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica do Concello de Laxe co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

Terceiro: Publicar esta resolución na páxina web do concello (concellodelaxe.com) e no Taboleiro de Anuncios do concello.

Mándoo e asínoo, en Laxe na data da sinatura incluída á marxe, o alcalde, D. José Luis Pérez Añón, do que eu como secretaria dou fe.

O alcalde,
Asdo.: José Luis Pérez Añón

A secretaria-interventora
Asdo.: Begoña Carrasco García

FIRMADO POR José Luis Pérez Añón (FECHA: 03/07/2020 15:04:00)

Begoña Carrasco García

(FECHA: 03/07/2020 14:55:00)

FIRMADO POR José Luis Pérez Añón (FECHA: 03/07/2020 14:55:00)

Decreto Nº: 353/2020 - Fecha de decreto: 03/07/2020

Versión imprimible

CVD: Dzx8rqmSDM508aJksHcq
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica do Concello de Laxe co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)